

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 25 DE NOVEMBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do concello de Frades dun treito antigo da estrada AC-524 xunto co seu dominio público viario.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello da Avogacía Galega para compensar aos profesionais da avogacía designados en virtude de requirimento xudicial ou pola asistencia prestada á persoa detida ou investigada cando non exista un recoñecemento expreso do dereito de asistencia xurídica gratuíta, por importe de douscentos mil euros (200.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e anticipada de gasto, da prestación do servizo de vixilancia e seguridade en determinados edificios administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia, polo importe de licitación de vinte e tres millóns dous mil seiscentos vinte e seis euros con corenta e oito céntimos (23.002.626,48 €), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de cincuenta e sete millóns trinta e un mil trescentos cinco euros con trinta e dous céntimos (57.031.305,32 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Confederación Galega de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Galicia para a difusión e sensibilización en relación coa redución, neutralización e reciclaxe de residuos no ámbito da hostalería e turismo na comunidade autónoma, por un importe de douscentos mil euros (200.000,00€), tramitado como anticipo de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) da provincia da Coruña (ASPANAES), para a execución do proxecto de construción dun centro de atención residencial para persoas dependentes ("Proxecto de vida adulta: atención residencial con atención diúrna para persoas con autismo"), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU no exercicio 2024. Importe total: catro millón douscentos mil euros con oitenta e seis céntimos (4.200.000,86€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se ordena á Consellería de Economía e Industria continuar o desenvolvemento das actuacións de apoio ao sector da automoción e destinar cincuenta millóns de euros (50.000.000,00 €) para os anos 2025 e 2026 dentro do Plan de axudas ao sector da automoción na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado "Autovía AG-59. Treito: enlace AC-241 - enlace PO-841" (segundo treito do proxecto de "Actualización do proxecto de construción da autovía AG-59. Treito: A Ramallosa - enlace PO-841").
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Lalín, para a construción do Edificio Polivalente de Carragoso, por un importe de douscentos cincuenta e nove mil catrocentos setenta e oito euros con sesenta e tres céntimos (259.478,63 €) tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se toma razón da licitación polo procedemento aberto multicriterio do contrato de servizo de redacción do proxecto de interese autonómico, do proxecto de expropiación e de parcelamento, para a obtención de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas protexidas en varios concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de diverso material e posta á disposición dos equipos necesarios para o tratamento das feridas por sistemas de terapia de presión negativa con destino as áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de catro millóns oitocentos setenta e un mil catrocentos vinte euros con catro céntimos (4.871.420,04 €) con IVE e un valor estimado de oito millóns cento corenta e oito mil novecentos vinte e catro euros (8.148.924,00 €), tramitado como de anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas á realización do programa Retorna Cualifica Emprego e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2025, por un importe total de dous millóns trescentos mil euros (2.300.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para os anos 2025 e 2026, por un importe total de seiscientos noventa mil euros (690.000,00€) e tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón das actuacións da Consellería do Medio Rural para a rexeneración e/ou mellora en masas consolidadas de frondosas autóctonas e para a xestión forestal sostible para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, financiado pola Unión Europea. NextgenerationEU.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite para a realización das análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro oficial do gando vacún de Galicia nas explotacións leiteiras para o período 2025-2028, por un importe total de dous millóns oitocentos oitenta mil euros (2.880.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural a eximir as persoas beneficiarias da obriga de constituír garantías nos anticipos que poidan recibir con cargo ao proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas para o control de rendemento leiteiro ás entidades oficialmente recoñecidas para a realización do control leiteiro en Galicia, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Tramitación anticipada de gasto. Importe total un millón de euros (1.000.000€).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da actividade investigadora do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) no período 2024 – 2027.
- Acordo polo que se toma razón da resolución das axudas para investimentos en PEMES de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura convocadas por Orde do 6 de xuño de 2024.

MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Declaración institucional 25-N: Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a formación da Escola Galega de Administración Pública en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a posta en marcha do Programa galego para a detección precoz e Asistencia Sanitaria de cardiopatías conxénitas críticas (CCC).

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre os proxectos formativos financiados pola Consellería do Mar dirixidos á adquisición e actualización de competencias profesionais no sector pesqueiro (2024-2025).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE FRADES DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA AUTONÓMICA AC-524 QUE DÁ ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS E FORESTAIS NO MUNICIPIO

- Transfírese á entidade local un treito de 154 metros da marxe esquerda desta vía, xunto co seu dominio público viario, entre os puntos quilométricos 8+780 e 8+930
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello de Frades terá a competencia para actuar nestas vías e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aprobou o cambio de titularidade a prol do Concello de Frades dun treito antigo da estrada AC-524, xunto co seu dominio público viario.

A entidade local solicitou a transferencia deste antigo treito da vía autonómica, que dá acceso a parcelas agrícolas e forestais situadas neste municipio coruñés.

Así, a Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade do treito, de 154 metros de lonxitude da marxe esquerda da AC-524, entre os puntos quilométricos 8+780 e 8+930.

A transferencia a prol do Concello de Frades tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Frades terá a competencia para actuar neste treito da AC-524 e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 200.000 EUROS AOS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA EN CAUSAS SEN RECOÑECIMENTO EXPRESO DE DEREITO Á ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA

- O Consello da Xunta autoriza o convenio a través do cal o Goberno galego colabora co Consello da Avogacía Galega na compensación aos profesionais designados en virtude de requirimento xudicial ou polo asesoramento prestado á persoa detida ou investigada cando non exista o recoñecemento do dereito á quenda de oficio
- Ampliáronse este ano as melloras introducidas no acordo entre a Administración autonómica e o Consello da Avogacía Galega en 2021 e deuse resposta a varias das demandas da quenda de oficio
- Pese a que a asistencia xurídica gratuítas é competencia estatal, a Xunta retribúe cos baremos vixentes mediante os convenios co Consello da Avogacía Galega e do Consello Galego dos Procuradores conceptos que non recolle a normativa estatal

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación do convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello da Avogacía Galega para compensar economicamente os letrados designados en virtude de requirimento xudicial cando non exista un recoñecemento expreso do dereito de asistencia gratuítas.

O convenio ten vixencia ata finais deste ano e con carácter retroactivo o 1 de xaneiro de 2024 e o gasto previsto ascende a un máximo de 200.000 euros, que a Xunta aboará ao Consello da Avogacía Galega.

O obxecto do acordo é a cobertura económica ás asistencias letradas realizadas por avogados en Galicia por requirimento xudicial nun procedemento penal cando os defendidos sexan persoas físicas ou xurídicas, reúnan certos requisitos, como ter denegado o dereito de asistencia xurídica gratuítas por diferentes causas, desde defectos de forma na solicitude -falta de sinatura do interesado ou por non achegaren a documentación requirida pola Comisión de Asistencia Xurídica Gratuítas- ata careceren de recursos ou de patrimonio para facer fronte aos custos.

Este convenio súmase aos acordos para compensar aos colexios de avogados e procuradores polas actuacións dos seus colexiados na prestación deste servizo. Trátase así de ampliar o ámbito subxectivo da Lei de asistencia xurídica gratuítas, recollendo conceptos que actualmente non están incluídos. Ademais, como novidade, redúcese a tramitación no pagamento para evitar a reclamación xudicial ou extraxudicial nos casos nos que a persoa beneficiaria é aparentemente insolvente e substituíla por unha declaración responsable do profesional designado.

Outra das novidades é a inclusión nos pagamentos do concepto de solicitude dalgunha medida xudicial de apoio de carácter estable a unha persoa con discapacidade, con independencia da súa capacidade económica. O convenio dálle polo tanto resposta a varias das demandas da quenda de oficio e amplía as melloras introducidas no acordo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

entre a Xunta e o Consello da Avogacía Galega para a aclaración e inclusión de novos conceptos do baremo aprobado en 2021.

Pese a ter limitada a competencia autonómica, o Goberno galego financia a asistencia xurídica gratuíta en favor de persoas sen recursos suficientes mediante compensacións a través dos colexios profesionais e reserva para este fin máis de 15 millóns de euros nos orzamentos de 2025, un 8,6 % máis e con novos conceptos tras a actualización dos baremos durante as negociacións con estes colectivos. Así, Galicia sitúase nos primeiros postos a nivel estatal na compensación a estes profesionais e no último acordo e por maior número de conceptos e axilización na tramitación na indemnización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRAMITACIÓN DA CONTRATACIÓN DA VIXILANCIA E SEGURIDADE DOS EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

O novo contrato terá un importe de licitación de 23M€ cunha vixencia de 24 meses e coa posibilidade de prórroga por outros 36 meses

O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación do expediente para a contratación da prestación do servizo de vixilancia e seguridade dos edificios administrativos da Xunta, que terá un importe de licitación de 23 millóns de euros durante dous anos.

A execución do contrato está prevista que comece en abril do ano que vén, polo que, da contía total, se estiman 8,6 millóns para 2025 a partir do mes de abril, outros 11,5 millóns na anualidade de 2026 e 2,8 millóns para o primeiro trimestre de 2027. A vixencia inicial de 24 meses poderá prorrogarse por outros 36 meses.

O novo contrato prestarase nos máis dun cento de edificios administrativos da comunidade e incluírá os centros que se incorporaron ao contrato actual nos últimos anos. De feito, a nova licitación incrementase preto do 40 % respecto da anterior coa finalidade precisamente de dar cobertura á incorporación de novos centros.

Ademais, recolle os incremento dos custos de persoal derivados do acordo sobre as melloras da contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en determinados edificios da comunidade. Trátase de melloras sobre o convenio colectivo do convenio estatal de empresas de seguridade privada que se publicou no [*Diario Oficial de Galicia*](#) o pasado abril, melloras que entrarán en vigor, con carácter xeral, o 1 de abril de 2025, coincidindo precisamente coa data na que tamén se comece a aplicar este novo contrato.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A HOSTALARÍA GALEGA COLABORARÁN PARA QUE O SECTOR AVANCE NO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE REDUCIÓN DO DESPERDICIO ALIMENTARIO DE CARA A 2030

- O Consello autoriza a sinatura do primeiro convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a entidade que aglutina as empresas hostaleiras e turísticas de Galicia para fomentar a reciclaxe e a correcta separación dos residuos
- Co fin de avanzar na prevención, a UE propón rebaixar nun 20% as perdas de alimentos na produción e distribución e nun 50% os residuos alimentarios *per cápita*
- Entre as actuacións novidasas que se van executar en 2025 destacan a distribución entre os locais de material específico para reciclar como 4.000 bolsas colectores para cada fracción, 11.300 envases reutilizables de comida para levar e preto de 3.400 bolsas confeccionadas con material sostible para transportar botellas de viño
- Ao longo do ano organizaranse 50 xornadas de sensibilización dirixidas aos empresarios e profesionais do sector, con charlas e talleres para aprender a separar, e habilitarase unha páxina web e unha Guía de boas prácticas de xestión de residuos

A Xunta e a Confederación Galega de Empresarios de Hostalaría e Turismo traballarán xuntos o próximo ano co obxectivo de formar e preparar os profesionais do sector na comunidade para fomentar a reciclaxe neste tipo de establecementos e, sobre todo, avanzar no cumprimento dos obxectivos fixados para 2030 de redución do desperdicio alimentario, un eido no que a contribución das empresas de restauración é fundamental.

Con tal fin, o Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a referida entidade, que aglutina as principais asociacións de hostaleiros do sector da restauración, do aloxamento e do ocio nocturno de Galicia, para desenvolver un conxunto de actuacións que teñen a finalidade de diminuír a produción de residuos, así como os impactos derivados e facer un uso máis eficiente dos recursos para avanzar cara a unha economía circular.

A directiva europea de residuos establece a obriga das administracións públicas de implicarse na implantación de medidas preventivas neste eido a través da sensibilización social e da formación. Co fin de avanzar na prevención da xeración de refugallos alimentarios, precisamente, a UE marcou como obxectivo para finais desta década reducir nun 20 % as perdas alimentarias na cadea de produción e de subministración e nun 50 % os residuos de comida *per cápita* da venda ao por menor e dos consumidores.

O convenio de colaboración autorizado hoxe enmárcase nesta liña de actuación, recollida tanto na lexislación sectorial galega como na estatal, e permitirá traballar da man á Xunta e aos hostaleiros á hora de desenvolver medidas dirixidas a concienciar tanto á cidadanía en xeral como ao propio sector da necesidade de ir reducindo de modo paulatino, pero constante a xeración do lixo alimentario nos próximos anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cun investimento total de 200.000 euros, que achegará integramente a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, o convenio estará vixente do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2025 e prevé a execución dun amplo abano de actuacións por parte da Confederación, co apoio, asesoramento e asistencia técnica e legal permanente do departamento autonómico.

Entre as accións máis novidasas destaca a distribución entre os establecementos asociados de material específico para facilitar a reciclaxe dos refugallos que xeran tanto eles como os seus clientes. Concretamente, repartiranse por toda Galicia 4.000 bolsas colectores para cada fracción de lixo (plásticos, orgánicos, vidro, papel e cartón), 11.300 envases reutilizables para que os establecementos que ofrezan comida para levar promovan unha alternativa ecolóxica aos recipientes dun só uso; e preto de 3.400 bolsas confeccionadas con material sostible para transportar botellas de viño.

Ademais, ao longo do vindeiro ano organizarase medio cento de xornadas de sensibilización que se darán a coñecer entre establecementos e empresas asociados para animar a participar tanto aos titulares como aos traballadores. No marco delas daranse charlas informativas sobre a separación de residuos, talleres sobre o uso dos distintos colectores, formación para coñecer cal pode ser a contribución da hostalaría ao coidado do ambiente e material didáctico específico pensado para este sector.

Finalmente, para concienciar aos profesionais hostaleiros sobre a importancia de facer unha correcta separación e fomentar as prácticas de reciclaxe nos seus negocios, Xunta e Confederación habilitarán unha páxina web para centralizar toda a información de interese e actualidade que se vaia xerando arredor do proxecto. O convenio tamén prevé a elaboración dunha Guía de boas prácticas de xestión de residuos, que se editará en papel e estará dispoñible en formato dixital para facilitar a maior difusión posible.

Lei de residuos e solos contaminados de Galicia

A Xunta foi pioneira na implementación de mecanismos para avanzar cara á redución do desperdicio alimentario e na loita contra a contaminación xerada polos plásticos, dous dos retos principais da axenda europea en materia de xestión de residuos e que Galicia traspuxo á súa propia lexislación incluso antes que o Estado.

Aínda que non hai datos a nivel autonómico, o último informe do Ministerio de Agricultura indica que sete de cada dez fogares españois desperdician comida. Neste sentido, a Lei de residuos e solos contaminados de 2021 abordou este problema e as posibles solucións para acadar a súa redución progresiva a todos os niveis: no eido produtivo, no sector da distribución, na restauración e, por suposto, nos fogares.

Así, no caso concreto do sector da hostalaría, a norma galega introduce a obriga específica das persoas titulares de restaurantes e outro tipo de establecementos que ofrecen comidas de poñer á disposición dos seus clientes recipientes biodegradables e reutilizables para facilitar o aproveitamento dos alimentos que non consuman no local, unha medida aliñada, ademais, cos principios da economía circular.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 4 MILLÓNS DE EUROS A FINANCIAR AS OBRAS DO NOVO CENTRO DE ASPANAES EN FRIOL

- Asinarase un convenio de colaboración coa entidade para executar esta actuación, que se desenvolverá entre este ano e o 2026
- O novo equipamento contará con 48 prazas especializadas nos coidados a persoas con Trastorno do Espectro Autista
- Estará organizado en pequenos módulos para permitir unha atención personalizada

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Aspanaes para financiar a construción dun centro de atención residencial para persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) en Friol (Lugo). O importe deste acordo é de 4 millóns de euros, procedentes de fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (*NextGenerationUE*) e desenvolverase entre este ano 2024 e o 2026.

Este novo equipamento, que xestionará Aspanaes e se localizará nunha parcela do centro urbano de Friol cedida polo concello, disporá de 48 prazas. Ademais, estará organizado en pequenos módulos para permitir unha atención personalizada. O proxecto da entidade considera a construción dun edificio de soto, planta baixa e dúas plantas que se conforma coma un bloque residencial.

Na planta baixa situaranse os accesos principais e aloxará espazos comúns de uso público, aulas e despachos. As plantas altas destinaranse exclusivamente a uso residencial, con módulos autónomos e espazos para o respiro familiar. E no soto irán os servizos e instalacións do propio edificio, como a cociña, a lavandaría ou o garaxe, entre outros.

Con esta actuación, o Executivo autonómico atende unha demanda histórica de Aspanaes, que contará cun centro de vangarda e innovador para brindar aos seus usuarios os apoios que necesitan para desenvolver unha vida plena e autónoma. Este novo recurso sumarase aos que a entidade xa ten en funcionamento en Ferrol, As Pontes, Santiago de Compostela, Culleredo ou A Coruña, incrementando as prazas especializadas en atención a persoas con TEA que hai en Galicia.

A Xunta destina este ano 2024, preto de 8 millóns de euros a financiar 270 prazas para o coidado destas persoas en centros que xestionan as entidades sociais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA DESTINA MÁIS DE 230 M€ NO PERÍODO 2024-2027 Á AUTOMOCIÓN PARA APOIAR A INDUSTRIA NA TRANSFORMACIÓN CARA UNHA MOBILIDADE MÁIS SOSTIBLE

- Asegura que Galicia “é a primeira comunidade” en aprobar un paquete de medidas específicas para axudar a este sector fundamental para a economía de Galicia
- A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, subliña que o Consello aproba a segunda convocatoria extraordinaria “dotada con 50 M€” que se suman aos 22 M€ deste ano para cooperar coa industria no camiño cara unha mobilidade máis sustentable e a transición ao vehículo eléctrico
- As axudas da nova convocatoria, que serán en réxime de concorrência non competitiva, alcanzarán a intensidade máxima permitida pola normativa e cubrirán todas as tipoloxías de proxectos de interese para o sector
- Refórzase así a aposta por un sector clave, que suma máis de 200 empresas e preto de 25.000 empregos, e que conforma unha das cadeas de valor máis completas de Europa

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, resaltou hoxe que a Administración autonómica “vai destinar máis de 230 millóns de euros ata 2027” a apoiar ao sector da automoción “nos procesos de transformación” nos que están inmersos cara “unha mobilidade máis sostible”.

Rueda salientou que, deste xeito, Galicia é “a primeira comunidade” en implementar “un paquete de medidas específicas para axudar a este sector”.

Tal e como explicou a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, o Consello da Xunta deu o visto e praxe a nova convocatoria do Plan extraordinario de apoio á descarbonización e transición ao vehículo eléctrico do sector da automoción de Galicia 2025-2027, un programa de axudas “dotado con 50 millóns de euros” co que o Goberno galego busca dar continuidade ao programa iniciado este ano e reforzar a cooperación co sector no seu tránsito cara á modernización e a sustentabilidade e reafirmar o seu cunha industria clave para a economía galega.

Deste xeito, este novo esforzo súmase aos 22 millóns de euros xa activados neste ano 2024, aos que haberá que engadir á dotación económica do Plan director da automoción xa rematado, e que está cifrada en 134,1 millóns de euros. Todo iso sumará un total de 234,1 millóns de euros que achega a Administración autonómica a un dos sectores declarados estratéxicos polo Consello da Xunta en febreiro deste ano.

A nova convocatoria do plan extraordinario, impulsada a través do Igape e o Inega, potencia o tecido industrial galego, promovendo “a descarbonización, a transición ao vehículo eléctrico e avanzar cara modelos de green factory”, indicou Lorenzana.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este novo esquema de apoio estrutúrase arredor de tres grandes eixos. O primeiro atenderá a transición ao ecosistema de mobilidade eléctrica e conectada, co obxectivo de facilitar aos provedores locais a adaptación cara á produción de compoñentes relacionados coa nova mobilidade verde e conectada, impulsando a súa competitividade no mercado internacional.

O segundo eixo céntrase na descarbonización dos procesos produtivos e loxísticos. Neste sentido, o plan prevé investimentos destinados a transformar as operacións industriais e loxísticas, reducindo a súa pegada ambiental e incrementando a eficiencia dos procesos.

O terceiro atende a adopción de modelos de "green factory", na procura de facilitar a transformación integral das plantas industriais galegas para lograr a neutralidade climática, apostando por tecnoloxías innovadoras e sustentables.

As axudas do plan, que serán en réxime de concorrencia non competitiva, alcanzarán a intensidade máxima permitida pola normativa e cubrirán todas as tipoloxías de proxectos de interese para o sector.

O programa estrutúrase en dúas convocatorias: unha inicial de 14 millóns de euros en 2025, centrada en innovación, eficiencia enerxética e investimentos, e outra de 36 millóns de euros, que sairá a partir do segundo trimestre do vindeiro exercicio e que completará as tipoloxías anteriores con proxectos de protección do ambiente.

Plan director da automoción

No marco do respaldo da Xunta ao sector, a Consellería de Economía e Industria impulsou a elaboración do Plan director da automoción. Un documento que busca promover a transformación tecnolóxica e dixital, mellorar a capacitación dos profesionais, e fomentar a colaboración entre empresas, centros de investigación e administracións públicas, co fin de acompañar o sector no seu proceso de transición e fortalecer a súa competitividade futura.

Logo dun un proceso participativo e colaborativo de interlocución con todo o sector, a Administración galega dispón xa do documento que será remitido de xeito inmediato a todos os axentes que participaron na súa elaboración, e solicitaranse os informes do Consello Galego de Economía e Competitividade e Consello Económico e Social, como paso previo á súa aprobación no Consello da Xunta.

O plan desprégase arredor de dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes e sete ámbitos de prioridades con 65 medidas que se desenvolverán no período 2025-2027 de apoio ao sector da automoción por parte das distintas consellerías da Xunta de Galicia, coa súa dotación económica prevista cifrada en 134,1 millóns de euros.

Un sector estratéxico para Galicia

A automoción en Galicia representa un dos sectores máis dinámicos e fundamentais para a economía galega, "con máis de 200 empresas e preto de 25.000 empregos",

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

segundo subliñou o presidente. Desde a súa orixe, este sector foi un motor de desenvolvemento económico e tecnolóxico na comunidade, e xerou un impacto significativo no emprego e na competitividade da industria.

A nova convocatoria do Plan Extraordinario de apoio á automoción en Galicia complementa os 22 millóns xa destinados este exercicio para facilitar a transición do sector: 18 millóns en dúas liñas de apoio que suman máis de medio cento de solicitudes aprobadas para adquisición de maquinaria e equipamentos, implantación de solucións tecnolóxicas e sistemas dixitais ou obras de mellora das instalacións produtivas; e 4 millóns concedidos ao CTAG para formación, I+D e investimentos en laboratorios especiais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO DO TREITO QUE CULMINA A AUTOVÍA SANTIAGO-A ESTRADA, ENTRE PONTEVEA E O ROLLO, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 32M€

- O presidente do Goberno galego salienta que se trata do “segundo treito da prolongación da AG-59 desde o enlace coa AC-241, actualmente en execución entre A Ramallosa e Pontevea”, ata o enlace coa PO-841
- O novo treito desta autovía libre de peaxe disporá de dous enlaces que permitirán os catro movementos, tanto cara a Santiago como á Estrada, e un deles é o resultado da reforma do existente na Ramallosa, e o outro de nova execución sobre a AC-241, en Pontevea
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no primeiro trimestre de 2025 para licitar as obras no vindeiro ano, “cun prazo de execución de 36 meses”
- A Xunta avanza ao tempo nas obras do treito de 3,5 quilómetros da prolongación da AG-59, iniciadas a finais de outubro de 2023 e nas que están a investirse máis de 33M€
- Unha vez rematados os 7,5 quilómetros da prolongación da actual AG-59, “os tempos da viaxe entre Santiago e A Estrada reduciranse a 10 minutos”, ademais de mellorar a seguridade viaria, tras un investimento global de máis de 67 millóns de euros

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado do segundo treito de prolongación da autovía libre de peaxe Santiago-A Estrada, entre Pontevea (AC-241) e O Rollo (enlace PO-841), tal e como explicou o titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, quen detallou que a Administración autonómica destinará a esta actuación un investimento de “máis de 32,3M€”, no que se inclúe o pagamento dos 262 predios necesarios, 9 por ocupación temporal para executar a obra.

Mediante o proxecto autorizado hoxe, prolongarase a AG-59 desde o enlace coa AC-241, “que está actualmente en execución entre A Ramallosa e Pontevea, no concello de Teo, cun investimento de 33 M€” ata o enlace coa estrada PO-841, no Rollo, xa no concello da Estrada.

Este novo treito entre Pontevea e O Rollo disporá de dous enlaces que permitirán os catro movementos, tanto cara ao Norte (Santiago de Compostela), como cara ao Sur (A Estrada). Un deles, resultado da reforma do existente na Ramallosa, e o outro, de nova execución sobre a AC-241, en Pontevea.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no primeiro trimestre de 2025 para licitar as obras no vindeiro ano, “cun prazo de execución de 36 meses”, tal e como apuntou Rueda.


INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, a Xunta, ao tempo que avanza nas obras do treito de 3,5 quilómetros da prolongación da AG-59, iniciadas a finais de outubro de 2023 e nas que está a investirse máis de 33M€, impulsará este novo treito de 4 quilómetros de lonxitude.

Unha vez rematados os 7,5 quilómetros da prolongación do actual tramo da AG-59, "os tempos da viaxe entre Santiago de Compostela e A Estrada reduciranse a 10 minutos", ademais de mellorar a seguridade viaria, tras un investimento global de máis de 67 millóns de euros.

O obxectivo do Goberno galego con estas actuacións é facilitar a comunicación e a vertebración territorial entre Santiago e a comarca de Tabeirós-Terra de Montes. A infraestrutura busca, tamén, incrementar a competitividade do municipio da Estrada, sede de importantes institucións como a Academia Galega de Seguridade Pública, do Centro Integrado de Emerxencias 112 e do 061, e cunha grande actividade económica e empresarial.

Plano do proxecto de trazado aprobado hoxe polo Consello da Xunta:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE LALÍN NA CONSTRUCCIÓN DO EDIFICIO POLIVALENTE DE CARRAGOSO

- A intervención suporá un investimento total que rolda os 820.000 euros e dotará este núcleo dun novo edificio sostible e intelixente, que será elemento dinamizador do desenvolvemento social e cultural desta zona de carácter residencial e agrario
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas achega o 31 % do orzamento, preto de 260.000 €, completando o financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra
- A entidade local redactará o proxecto, realizará as xestións para posibilitar a construción do edificio polivalente, e contratará e executará as obras
- A execución de equipamento urbanos enmárcase nas liñas de cooperación do Goberno galego no seu desempeño como pezas dinamizadores de desenvolvemento social e cultural da sociedade, ademais de ser elementos estruturais nas contornas urbanas

O Consello da Xunta vén de informar hoxe da colaboración co Concello de Lalín na construción do edificio polivalente de Carragoso, que suporá un investimento total que rolda os 820.000 euros.

O Goberno galego ten como obxectivo contribuír ao financiamento deste novo equipamento no municipio pontevedrés, co que o Concello de Lalín dotará o núcleo de Carragoso dun novo edificio sostible e intelixente, que impulse a cohesión territorial dunha zona de carácter residencial e agrario, funcionando como elemento dinamizador do desenvolvemento social e cultural desta zona.

En relación ás obrigas dispostas nesta colaboración, a Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, contribuirá a esta intervención cun investimento de preto de 260.000 euros, o que representa o 31,67 % do orzamento total. No impulso deste proxecto subvencionado pola Administración autonómica engádese a achega da Deputación Provincial de Pontevedra, que completa o financiamento da intervención proxectada.

Pola súa banda, o Concello de Lalín asume a redacción do proxecto, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a construción do edificio polivalente de Carragoso, así como da contratación, execución, dirección e control das obras.

O proxecto proposto trata de executar un edificio de nova construción no que se adoptan solucións con materiais modulares para reducir os residuos e a utilización de materiais que se poden reciclar. Desta forma diminúese o CO₂, redúcese o consumo de auga e o impacto ecolóxico. Ademais, utilízanse enerxías renovables, tales como paneis fotovoltaicos, bomba de calor xeotérmica. O sistema de ventilación permite un aforro de enerxía e mellora da eficiencia enerxética da edificación, así como o confort e a vida saudable dos usuarios.

Esta colaboración co Concello de Lalín, pola súa finalidade, forma parte dunha das

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

principais liñas de acción da Xunta, de realización de actuacións de mellora de contornas urbanas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial. Os equipamentos urbanos desempeñan un papel fundamental como peza dinamizadora de desenvolvemento social e cultural da sociedade e son, ademais, elementos estruturais na contorna urbana.

A execución destas obras enfocadas a mellorar o espazo público tendo en conta as necesidades de utilización e a súa relación coa mellora da contorna, o ambiente e a calidade de vida, enmárcase así nas medidas e liñas de colaboración coas que o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

O convenio acordado polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, estará vixente ata o 31 de decembro de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN POR 2,6 M€ DOS PROXECTOS DE INTERESE AUTONÓMICO PARA DESENVOLVER SOLO NO QUE CONSTRUÍR AS PRIMEIRAS 15.000 VIVENDAS

- Rueda salienta que a contratación enmárcase na primeira fase de execución da Estratexia Galega de Solo Residencial, que prevé desenvolver solo “que permita a construción de 20.000 vivendas protexidas e 5.000 libres”
- Estes proxectos abordarán o desenvolvemento dos primeiros 1,5 millóns de metros cadrados de solo en ámbitos dos concellos da Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Arteixo
- Destaca que a declaración PIA “permitirá axilizar” os trámites e “simultanear as obras de urbanización e edificación”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello autorizou a licitación, por importe de 2,6M€, da redacción dos Proxectos de Interese Autonómico (PIA) para o desenvolvemento de solo residencial onde construír as primeiras 15.000 vivendas en sete concellos galegos.

Tal e como explicou, esta contratación enmárcase na primeira fase de execución da Estratexia Galega de Solo Residencial posta en marcha polo Goberno galego, que prevé desenvolver solo “para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 libres”. En concreto, a licitación autorizada polo Goberno galego inclúe a redacción dos proxectos de interese autonómico, do proxecto de expropiación e de parcelamento, para a obtención de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas protexidas nos concellos.

Estes primeiros proxectos onde se sitúa a metade do solo previsto na Estratexia desenvolveranse en ámbitos dos concellos da Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Arteixo que suman 1,5 millóns de metros cadrados de superficie.

Os ámbitos foron escollidos tras os contactos mantidos pola Xunta cos concellos para identificar zonas de solo sen desenvolver para seren xestionadas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo. Este organismo seleccionou os máis axeitados entre os propostos polos concellos e realizou os estudos de viabilidade para determinar os espazos onde actuar.

Co obxecto de “facilitar unha execución máis rápida”, adaptada ás necesidades e impulsada e tutelada pola Xunta, estas actuacións de desenvolvemento de solo residencial execútanse ao abeiro de Proxectos de Interese Autonómico (PIA). Cabe lembrar que, no marco das medidas extraordinarias incluídas na Lei de acompañamento aos orzamentos de 2025, o Goberno galego introduciu melloras nesta figura para axilizar estas actuacións de creación de solo residencial de promoción pública, “co fin de reducir á metade os prazos de emisión de informes autonómicos e poder simultanear as obras de urbanización e edificación dos futuros inmobles”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Aos citados solos previstos nesta licitación, súmanse os que xa están en execución. En Vigo estase a desenvolver solo para 1.600 vivendas, nos tres polígonos de ampliación de San Paio de Navia. O polígono 1 está en obras e o 2 conta xa con obra licitada.

No caso da Coruña, está en tramitación a modificación do planeamento para desenvolver solo no que se construírán 520 vivendas protexidas en Xuxán, mentres que en Ferrol hai solo dispoñible para 658 vivendas no Bertón, ademais do correspondente ás 369 vivendas agora mesmo en marcha. E, en Lugo hai solo dispoñible para 404 vivendas en Garabolos, ademais do correspondente ás 146 en execución.

Ademais, a Xunta ten nestes momentos en estudo outros ámbitos nas áreas urbanas das sete grandes cidades galegas e noutros concellos das súas contornas, nos que se concentra a maior parte da demanda de vivenda protexida, para continuar a licitación dos seus proxectos.

Estratexia Galega de Solo Residencial

A Estratexia Galega de Solo Residencial desenvolverase en dúas fases. Na actual primeira fase, que abranguerá ata 2028, abordarase a planificación, a adquisición de solo, a redacción de proxectos e os acordos con concellos, mentres que na segunda, a partir dese ano, se procederá á execución das obras de urbanización, a comercialización das parcelas e a execución das edificacións.

Esta estratexia únese ao compromiso da Xunta para duplicar ao longo desta lexislatura o parque público residencial, para pasar das actuais 4.000 ás 8.000 vivendas. Neste momento, xa ten en marcha máis de 1.600.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 4,8 M€ NA COMPRA DE MATERIAL E EQUIPOS NECESARIOS PARA O TRATAMENTO DAS FERIDAS POR SISTEMAS DE TERAPIAS DE PRESIÓN NEGATIVA

- Trátase da segunda contratación centralizada deste tipo de material, cun aforro previsto de case 400.000 euros para o período obxecto do contrato
- A terapia de presión negativa é un sistema non invasivo que favorece a cicatrización das feridas tanto de tipo agudo como crónicas
- Ao seren sistemas portátiles a maioría dos licitados, poden usarse tanto a nivel hospitalario como no ámbito da atención primaria

O Executivo galego aprobou, na súa reunión semanal, a contratación da subministración sucesiva de diverso material e posta á disposición dos equipos necesarios para o tratamento das feridas por sistemas de terapia de presión negativa con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe de 4.871.420 euros para o período 2025-2028.

Trátase da segunda contratación centralizada deste tipo de material, que vai permitir dar resposta a situacións clínicas tales como peche de abdome aberto ou feridas de alta complexidade.

O contrato establece a posibilidade de prórroga por un máximo de 2 anos máis, e ascenden neste caso o valor estimado a 8.148.924,00 € (sen IVE).

A contratación centralizada suporá un aforro de 398.718 euros para o período obxecto do contrato (considerando as posibles prórrogas).

Sistema de cicatrización

A terapia de presión negativa é un sistema non invasivo, que, mediante a aplicación da presión negativa localizada e controlada, favorece a cicatrización das feridas tanto de tipo agudo como crónicas.

Por outra parte, ao ser sistemas portátiles a maioría dos licitados, poden usarse tanto a nivel hospitalario como no ámbito da atención primaria.

O mecanismo de acción baséase en diminuír o exceso de exsudado, controlando a carga bacteriana e mellorando o fluxo sanguíneo e linfático.

En definitiva, créase unha contorna estéril, húmida e pechada, condicións ideais para a formación de tecido de granulación, favorecendo así a súa cicatrización.

Estes dispositivos de terapia de presión negativa están compostos por unha bomba de succión, un tubo de drenaxe, apósitos e filme adhesivo para levar a cabo o selado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROCURARÁ O RETORNO DE 200 GALEGOS DA DIÁSPORA INVESTINDO 2,3 M€ NO PROGRAMA RETORNA CUALIFICA EMPREGO CON AXUDAS PARA O ACCESO Á VIVENDA

- O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe a orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se convoca a segunda edición deste programa
- Búscanse resultados pegados a cada territorio detectando as necesidades de man de obra e afinando a selección en orixe das persoas con vontade de volver a Galicia ocupando esas vacantes, ofrecéndolles formación para completar a súa cualificación
- No marco das axudas das que se poderán beneficiar os retornados para facilitar a súa instalación na nosa comunidade, inclúense como novidade achegas para alugar vivenda, así como apoio para os primeiros gastos asociados a ese alugueiro
- Como complemento, en 2025 tamén se publicará unha nova orde bianual cun orzamento duns 2M€ destinada a que empresas poidan rehabilitar inmobles co gallo de poñelos logo á disposición dos retornados que volven con contrato de traballo
- O Retorna Cualifica Emprego e as axudas á rehabilitación de vivenda forman parte do novo plan de captación de talento, que segue a liña da aposta da UE por potenciar a forza laboral interna e atraer talento externo -centrándose Galicia na diáspora-

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se convocará a segunda edición do programa Retorna Cualifica Emprego, cun orzamento que se incrementa ata os 2,3 M€, medio millón máis que o orzamentado na experiencia piloto. Enmarcado na Estratexia Galicia Retorna co gallo de favorecer a volta á nosa comunidade de persoas que emigraron ou dos seus descendentes con traballos ofertados en orixe da man das empresas, o obxectivo desta nova andaina é beneficiar uns 200 residentes no exterior menores de 55 anos deica finais de 2025, incorporando novos apoios para que poidan acceder de xeito máis doado a unha vivenda.

Coa nova convocatoria, búscase acadar resultados pegados á realidade de cada territorio detectando as empresas que demanden man de obra e cunha atención integral que facilite a toma de decisión tanto ao tecido produtivo interesado en poder cubrir as súas vacantes como ás persoas con vontade de aceptaren esas ofertas laborais. Nesa liña, están previstas accións en orixe como feiras de emprego -comezarán no primeiro trimestre de 2025 na Arxentina e no Uruguai- co obxecto de afinar a busca dos traballadores máis cualificados para os postos dispoñibles.

Así, coa segunda edición do programa quérese facer especial fincapé na selección das persoas candidatas que respondan aos perfís concretos que require cada empresa interesada, sen esquecer cuestións fundamentais para os beneficiarios finais como o asesoramento e apoio de cara a atopar vivendas nas que establecerse coas súas familias.

Nese sentido, cómpre destacar as novas axudas que se incorporan ao Retorna Cualifica Emprego para facilitar aos galegos que volven o acceso a un alugueiro, así como a nova orde que se publicará en 2025, como complemento a este programa, para promover a rehabilitación de vivendas á súa disposición.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nova convocatoria

O Retorna Cualifica Emprego recolle, entre outras accións, a detección de postos de traballo que non estean a ser cubertos pola poboación residente en Galicia con base nas necesidades que así manifesten as empresas interesadas en cubriren esas vacantes, así como a oferta deses postos de traballo a residentes no exterior con afán por retornar.

Unha vez realizado o encaixamento entre oferta e demanda, a iniciativa da Xunta abrangue a elaboración de plans personalizados de cualificación e empregabilidade, e inclúe os recursos de formación necesarios que poidan ser de interese para complementar a capacitación profesional que precisen os postos de traballo que se van ocupar. Así mesmo, considérase a formalización dos correspondentes contratos indefinidos en Galicia.

Canto ás axudas destinadas a facilitar a instalación na nosa Comunidade das persoas retornadas que volven con traballo, na segunda edición do Retorna Cualifica Emprego incorpóranse como novidade apoios para o alugueiro de vivenda. Por unha banda, achegas durante un máximo de tres meses para arrendar inmoble e, por outro, a cobertura dos primeiros gastos asociados a ese alugueiro, como a constitución de fianzas e as altas nas subministracións de luz, auga ou teléfono.

Cómpre engadir que en 2025 se publicará unha nova orde bianual cun orzamento duns 2 millóns de euros, destinada a que empresas poidan rehabilitar vivendas co gallo de poñelas logo á disposición dos traballadores galegos retornados.

Retención e captación de talento, en liña coa UE

Esta iniciativa inclúese no Plan de captación de talento que está a desenvolver a Xunta cunha dotación para o 2025 superior aos 11 M€, e queda enmarcada na aposta integral do Goberno autonómico por atender as necesidades das empresas no referido á cobertura de vacantes, a través da potenciación da forza laboral interna e atracción de traballadores.

O traballo que está a realizar a Xunta neste eido segue a liña trazada pola Unión Europea para afrontar a escaseza de man de obra. Este labor comeza dentro de Galicia, con accións para a reciclaxe profesional e a recapitación de traballadores ocupados a través de formación á carta nas empresas e os clústeres; favorecendo as oportunidades laborais dos demandantes activos de emprego -apoiándose na potenciación do Servizo Público de Emprego de Galicia- ou desenvolvendo medidas específicas destinadas a facilitar a entrada no mercado laboral de colectivos como os mozos -que contarán no 2025 coa Estratexia Mocidade Activa-, as mulleres ou estranxeiros en situación irregular -co programa de arraigamento, que facilita a súa inserción laboral a través das microformacións-.

Pero, tal e como sinala a propia UE, os esforzos para atender a actual demanda de traballadores teñen que ir máis aló das fronteiras de cada mercado laboral. Nesta liña, e centrándose na atracción de residentes no exterior, Galicia é unha comunidade pioneira coa Estratexia Retorna, ao abeiro da que se lanza esta nova edición do Retorna Cualifica Emprego, que se complementará en 2025 con outras medidas como as bolsas BEME -

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

2,75 M€, as axudas extraordinarias para o retorno -2,3 M€- ou o apoio ao emprendemento para retornados -1 M€-. Xa no referido a favorecer a mobilidade de traballadores de terceiros países, Galicia impulsará en 2025 accións en orixe, sempre da man das empresas galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA AS AXUDAS A ENTIDADES ADHERIDAS Á REDE EUSUMO INCREMENTANDO OS LÍMITES DE SUBVENCIÓN E OS INCENTIVOS Á CREACIÓN DE ENTIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL

- O Consello do Goberno galego coñeceu a orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración cun orzamento de 690.000 € para os anos 2025 e 2026 co que se prevé que unhas 40 entidades realicen máis de 200 actividades para máis de 4.000 persoas
- De acordo co recollido na 2ª Estratexia galega da economía social: horizonte 2027 co gallo de reforzar este ecosistema, Incrementábase o límite de subvención por actividade ata os 3.000 € e o incentivo adicional pola creación de entidades ata os 1.500 €
- Así mesmo, as feiras poderán ser agora subvencionables no ámbito das actividades xerais e non só cando se organizan orientadas a sectores específicos, co obxecto de aumentar as posibilidades de fomento da economía social
- O obxectivo das achegas é a promoción, visibilización e desenvolvemento desta fórmula económica sustentable e solidaria mediante accións de formación, divulgación e asesoramento, fomentando o emprendemento e o emprego
- Con máis de cen entidades adheridas na actualidade, a Rede Eusumo ten propiciado desde 2012 a creación de 190 empresas que xeraron máis de 540 empregos directos, nun eido da economía social ao que a Xunta destinará o ano que vén máis de 44 M€

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a orde de axudas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que cun orzamento de 690.000 euros promoverá nos exercicios de 2025 e 2026 que as entidades socias da Rede Eusumo realicen actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social. De acordo co recollido na Segunda Estratexia galega da economía social: horizonte 2027 e co gallo de reforzar o compromiso coa constitución de novas entidades que creen postos de traballo estables e de calidade, a convocatoria recolle novidades como o incremento dos límites de subvención por actividade ou dos incentivos adicionais pola creación de empresas.

Con máis dun cento de entidades adheridas na actualidade á Rede Eusumo que se creou en 2012 para o fomento e o desenvolvemento da economía social, a previsión da Xunta é que se poderán beneficiar da nova orde unhas 40 desas entidades, para a realización de máis de 200 actividades nas que poderán participar máis de 4.000 persoas.

Cómpre destacar que a través do asesoramento prestado pola Rede Eusumo, se crearon xa en Galicia 190 entidades de economía social, que xeraron máis de 540 empregos directos. Un labor que se seguirá potenciando grazas ao pulo que se lle dará a este ecosistema económico sustentable e solidario no marco dos orzamentos de 2025, con máis de 44 millóns de euros que supoñen unha suba dun 2,77 % con respecto a este ano.

A convocatoria 2025-2026

As achegas perseguen a promoción, visibilización e desenvolvemento da economía social con accións de formación, divulgación e asesoramento, fomentando o emprendemento e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o emprego no marco desta fórmula económica centrada nas persoas, pegada ao territorio e que desenvolve fundamentalmente actividade local que fixa poboación no rural.

En cumprimento do recollido na segunda Estratexia galega da economía social: horizonte 2027, que prevé crear 4.000 empregos novos nesta modalidade de negocio e constituír 400 novas entidades, a nova orde establece novidades que animarán á solicitude. En concreto, increméntase o límite de subvención por actividade ata os 3.000 euros (antes 2.000 €) para incentivar os itinerarios completados nas accións de asesoramento e acompañamento coa finalidade de incrementar as taxas de emprendemento na economía social. Aumenta tamén o incentivo adicional pola creación de novas entidades de economía social ata os 1.500 euros (antes 1.000 €) por cada entidade constituída e ata un máximo de 15.000 euros (antes 10.000 €).

Así mesmo, as feiras poderán ser agora subvencionables no ámbito das actividades xerais e non só cando se organizan orientadas a sectores específicos, co gallo de aumentar as posibilidades de promoción da economía social e estabilizar o acceso de todas as familias deste ecosistema.

Canto ás accións que se poden subvencionar, ao abeiro desta orde de axudas fináncianse actividades xerais de divulgación da economía social como charlas, xornadas, conferencias, simposios ou visitas formativas, así como calquera outra acción promocional que fomente o cooperativismo e a economía social. Tamén os estudos, informes, traballos de investigación, manuais, guías, unidades didácticas ou similares, sempre que sexan inéditos. Ademais, sufráganse actividades de asesoramento e acompañamento como encontros de *networking* e accións formativas como cursos e obradoiros.

Canto ás actividades específicas que se poden apoiar, considérase que se centren na economía dos coidados, no sector agroalimentario, na economía circular e na xestión de residuos, nas enerxías renovables e na transición enerxética ou na aplicación das novas tecnoloxías e na intelixencia artificial. Tamén en actividades do sector industrial, das industrias culturais ou relativos ao transporte e á mobilidade.

Cabe engadir que, na última convocatoria, se apoiaron 95 actividades -30 de carácter xeral e 65 específicas sobre distintos eidos- desenvolvidas por un total de 23 entidades da Rede Eusumo.

A Rede Eusumo

A Rede Eusumo conta actualmente con 105 entidades adheridas. A través dela, préstase apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social, póñense á disposición das persoas e entidades interesadas medios para o emprendemento entre os que se inclúen as instalacións para albergar o inicio de proxectos empresariais e impúlsase o modelo empresarial no ámbito local con accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego na economía social. Nesta liña, desde a súa creación en 2012, a Rede organizou máis de 1.650 actividades formativas e informativas, ás que asistiron case 30.900 persoas. Así mesmo, asesorou 1.200 grupos promotores para o impulso de proxectos cooperativos, con máis de 3.000 persoas implicadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre engadir que a Rede Eusumo pode estar integrada por asociacións de entidades de economía social; os concellos de Galicia, áreas metropolitanas, mancomunidades de municipios e consorcios locais; as cámaras de comercio; as universidades e as fundacións e asociacións, así como polas organizacións profesionais, empresariais e sindicais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA ALGO MÁIS DE 1,5 M€ PARA PROMOVER A REXENERACIÓN E MELLORA DE FRONDOSAS AUTÓCTONAS EN 540 HECTÁREAS DE TODA A COMUNIDADE

- Está previsto que a resolución se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o vindeiro 2 de decembro e o prazo máximo para presentar a xustificación das actuacións subvencionables é o 30 de xuño de 2025
- Estas achegas están enmarcadas na Estratexia para o fomento da xestión activa das frondosas (2024-2040), que nace co propósito de revitalizar e xestionar de forma sostible as masas de frondosas autóctonas en Galicia, promovendo a súa conservación, valorización e aproveitamento
- A primeira liña de axudas considerada está destinada á rexeneración ou mellora das masas consolidadas de frondosas autóctonas, a través dela aprobáronse 72 solicitudes cun orzamento de 1,48 millóns de euros, o que permitirá actuar nun total de 522,40 ha
- A segunda liña de axudas céntrase na xestión forestal sostible para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas e permitiu aprobar a totalidade de solicitudes que cumprían os requisitos por 56.730 euros; o que vai implicar a xestión sustentable de 17,97 ha

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, dependente da Consellería do Medio Rural, vai destinar 1,53 millóns de euros para promover a rexeneración e mellora de frondosas autóctonas en 540 hectáreas de toda a comunidade, segundo indica o proxecto de acordo do que tomou razón hoxe o Consello da Xunta.

A convocatoria conta con dúas liñas de axudas. A primeira está destinada á rexeneración ou mellora das masas consolidadas de frondosas autóctonas e nela subvencionaranse as actuacións silvícolas necesarias para a xestión e o aproveitamento destes terreos. Así, puideron aprobarse 72 solicitudes cunha consignación orzamentaria de 1,48 millóns de euros, o que permitirá actuar nun total de 522,40 hectáreas.

Das 72 solicitudes aprobadas algo máis do 90 % corresponden a Comunidades de Montes veciñais en Man Común; o 6 % son de agrupacións e o 4 % restante de particulares. En relación coa desagregación territorial, Pontevedra e Ourense son as provincias con maior número de expedientes -29 e 27 respectivamente-, Lugo ten 14 e A Coruña dous.

A segunda liña de axudas céntrase na xestión forestal sostible para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas. O orzamento dispoñible permitiu aprobar a totalidade de solicitudes que cumprían os requisitos por algo máis de 56.730 euros; o que implicará a xestión sustentable de 17,97 hectáreas. Todas as solicitudes se concentran na provincia de Ourense, concretamente no concello da Veiga, e as persoas beneficiarias son comunidades de montes veciñais en man común.

Está previsto que a resolución se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o vindeiro 2 de decembro e o prazo máximo para presentar a xustificación das actuacións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

subvencionables é o 30 de xuño de 2025. Serán subvencionables os gastos realizados e efectivamente pagados con posterioridade á data de inspección previa e como límite na data final de xustificación.

Plan Forestal de Galicia 2021-2040

Estas achegas están enmarcadas na Estratexia para o fomento da xestión activa das frondosas (2024-2040), que nace co propósito de revitalizar e xestionar de forma sostible as masas de frondosas autóctonas en Galicia, promovendo a súa conservación, valorización e aproveitamento. Este plan estrutúrase dentro do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica", que ten como obxectivo acadar unha Galicia máis resiliente fronte ao cambio climático e con montes xestionados de forma que contribúen tanto ao desenvolvemento rural como a mitigación de emisións de carbono.

As achegas están relacionadas tamén co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España, na compoñente 4 (C4) "conservación e restauración de ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade", que ten como obxectivo alcanzar un bo estado de conservación dos ecosistemas mediante a súa restauración ecolóxica cando sexa necesaria, e reverter a perda de biodiversidade, garantindo un uso sostible dos recursos naturais e a preservación e mellora dos seus servizos ecosistémicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MEDIO RURAL INCREMENTA NUN 44 % A SÚA ACHEGA AO LABORATORIO INTERPROFESIONAL GALEGO DE ANÁLISE DO LEITE PARA O CONTROL LEITEIRO OFICIAL NO PERÍODO 2025-2028 ATA OS CASE 2,9 M€

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio entre ambas as dúas partes, que supón a renovación da cooperación mantida entre 2021 e 2024 por importe de 2 M€
- O acordo permitirá seguir colaborando nestas tarefas de análise e facilitando o cumprimento das obrigas normativas, ademais de obter os datos que permitan avaliar xeneticamente os reprodutores que participan no programa galego de selección e mellora da raza frisoa
- Medio Rural continuará financiando parcialmente as analíticas a razón de 0,38 € por mostra e o Ligal asumirá a realización das analíticas, a recollida das mostras, o seu transporte e a elaboración de informes sobre a calidade físico-química do leite, entre outras funcións
- O Consello autorizou tamén hoxe a Medio Rural a eximir os beneficiarios (africores) da obriga de constituír garantías nos anticipos que poidan recibir con cargo ás axudas para o control de rendemento leiteiro como entidades oficialmente recoñecidas para a realización destes labores
- As axudas para estas tarefas estarán dotadas en 2025 con 1 millón de euros (un 33 % máis que na convocatoria deste ano) e beneficiarán as africores da Coruña, Lugo e Pontevedra, asociacións oficialmente recoñecidas na nosa comunidade

A Consellería do Medio Rural incrementará nun 44 %, ata chegar aos 2.880.000 euros, o orzamento destinado a financiar o convenio de colaboración co Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (Ligal) para o control leiteiro oficial do gando vacún de Galicia no período 2025-2028. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura deste acordo, que supón a renovación da cooperación entre ambas as partes e que ten como antecedente máis inmediato o convenio subscrito para o período 2021-2024, dotado con 2 millóns de euros.

Polo tanto, o obxectivo deste novo convenio é seguir colaborando na realización das análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro oficial do gando vacún de Galicia nas explotacións leiteiras e facilitando o cumprimento das obrigas normativas, ademais de obter os datos que permitan avaliar xeneticamente os reprodutores que participan no programa galego de selección e mellora da raza frisoa.

Así, a Xunta seguirá financiando parcialmente as analíticas das mostras de leite a razón de 0,38 euros por mostra analizada. Ademais, facilitará ao Ligal os ficheiros informáticos cos datos das explotacións en control, entre outras accións. Pola súa parte, o Ligal asumirá, ademais da realización das analíticas, a recollida das mostras do leite, o seu transporte e a elaboración de informes sobre a calidade físico-química do leite, entre outras actividades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Ligo é o laboratorio oficial para realizar estas tarefas e, polo tanto, para colaborar coas entidades de control leiteiro autorizadas (neste caso, as tres aforcos da Coruña, Lugo e Pontevedra) e coa Consellería do Medio Rural na execución dese control en Galicia. Cómpre destacar que este laboratorio non actúa no mercado con ánimo de lucro, tal e como se recolle nos seus estatutos. Trátase dun centro independente no que están representadas de xeito paritario as industrias lácteas, a través da súa Federación Nacional, e os produtores, por medio das organizacións profesionais agrarias e das asociacións de cooperativas.

Axudas para as entidades de control

Por outra banda, o Consello autorizou tamén hoxe á Consellería do Medio Rural a eximir os beneficiarios (aforcos) da obriga de constituír garantías nos anticipos que poidan recibir con cargo ás axudas para o control de rendemento leiteiro como entidades oficialmente recoñecidas para a realización destes labores. Unhas axudas que para o 2025 estarán dotadas cun total de 1 millón de euros, o que supón un incremento do 33 % respecto da convocatoria deste ano, e beneficiarán as aforcos da Coruña, Lugo e Pontevedra, asociacións oficialmente recoñecidas na nosa comunidade. Desta forma facilítase a tarefa ás entidades oficialmente recoñecidas para a realización dese control, ao non verse na obriga de constituír garantías (avais bancarios) á hora de xestionar as achegas.

Esta liña de axudas para o control de rendemento leiteiro pretende compensar en parte, mediante achegas proporcionais, os gastos xerados ás entidades oficialmente recoñecidas para a realización do control leiteiro en Galicia, en atención aos importantes beneficios que o sector no seu conxunto recibe pola implantación xeneralizada deste sistema.

As actividades subvencionables que van realizar as entidades beneficiarias serán todas aquelas actuacións destinadas a comprobar sistematicamente as producións e outras aptitudes funcionais das femias reprodutoras leiteiras, para a determinación do valor xenético e os méritos ou outras capacidades dos animais, no marco dun programa de cría aprobado oficialmente para a raza.

O control de rendemento leiteiro ten unha influencia directa no porvir do sector lácteo galego como base da mellora xenética nos esquemas de selección e dende o punto de vista da sostibilidade e rendibilidade económica das explotacións. Polo tanto, os beneficiarios últimos desta iniciativa son os propios gandeiros.

Unha maior eficiencia produtiva tamén contribúe de forma indirecta a atenuar os efectos ambientais prexudiciais da produción de leite, xa que o uso de animais máis eficientes reduce o consumo de recursos e as emisións contaminantes por litro de leite producido. Ademais as melloras xenéticas e tecnolóxicas que se logran grazas ao control de rendemento leiteiro benefician a todo o subsector lácteo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CENTRO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS DESENVOLVERÁ ATA 2027 18 PROXECTOS DESTINADOS A MELLORAR A COMPETITIVIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA E MARISQUEIRA

- Contan cun investimento que supera os 2,6M€, dos que trece son financiados pola Consellería do Mar e os cinco restantes con fondos europeos
- As accións investigadoras están relacionadas coa repoboación, depuración, cultivo, determinación de toxinas e de marcadores de resistencia nos moluscos bivalvos; ademais da monitorización da costa galega, o estudo sanitario da volandeira na ría de Arousa e a restauración de bancos naturais da ostra plana na ría de Vigo
- No marco desta programación, o criadeiro de moluscos bivalvos baixo cuberta lixeira de O Vicedo tamén retomarará o seu labor investigador e científico

O Consello da Xunta deu conta hoxe da actividade investigadora do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente da Consellería do Mar, correspondente ao período 2024-2027. En total, 18 proxectos que contan cun investimento que supera os 2,6 millóns de euros e que están destinados a mellorar a competitividade da actividade pesqueira e marisqueira galega. Destes, trece son financiados directamente pola administración autonómica (1.521.745,29 euros) e os cinco restantes con fondos europeos (1.088.935 euros), ao abeiro da Rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos na Comunidade Autónoma de Galicia (REDEMAR).

Neste senso, as accións investigadoras que se contemplan están relacionadas coa repoboación do ourizo de mar, da ameixa fina e a coquina; a depuración de ácido do mexillón e o seu desprendemento en batea; o cultivo de microalgas e do salmonete de roca; a determinación de toxinas e de marcadores de resistencia nos moluscos bivalvos; ou a criopreservación de larvas de invertebrados mariños de interese comercial para Galicia. Ademais, tamén se inclúen accións de monitorización da costa galega, o estudo sanitario da volandeira na ría de Arousa ou a restauración de bancos naturais da ostra plana na ría de Vigo.

O criadeiro de O Vicedo recupera a actividade

No marco desta actuación, o criadeiro de moluscos bivalvos baixo cuberta lixeira situado no municipio lucense de O Vicedo, tamén recuperará o seu labor investigador e científico. Está planeado dotalo para este ano 2024 de persoal con cualificación de técnico superior en acuicultura e comezar as tarefas de cultivo larvario e preengorda no pantalán do peirao de dúas especies de ameixa, de xeito que se poidan sincronizar as épocas reprodutivas no medio natural coa obtención de gametos que, posteriormente, se converterán en semente que trasladar aos bancos marisqueiros.

As actividades deste minicriadeiro serán coordinadas polo persoal de investigación do Centro de Investigacións Mariñas de Ribadeo, que conta con máis de trinta anos de experiencia no cultivo de invertebrados mariños de interese comercial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Centro referente

O CIMA configúrase como un organismo público de investigación galego cuxa misión principal é realizar actividade investigadora relacionada co medio mariño e os recursos mariños vivos que nel habitan, nos ámbitos da pesca, do marisqueo e da acuicultura; encamiñada a conseguir unha xestión racional dos recursos mariños vivos e a permanencia dos ecosistemas mariños de Galicia.

Deste xeito, consolídase a actividade que vén desenvolvendo o persoal de investigación destes centros, que conta cun amplo recoñecemento a nivel nacional e internacional, como así o demostra a súa participación en múltiples congresos e seminarios científicos, así como a extensa colección de traballos científicos publicados en revistas de índice SCI (Science Citation Index).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS PEMES GALEGAS DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS DO MAR IMPULSAN ESTE ANO 50 PROXECTOS DE INNOVACIÓN POR IMPORTE DE 20,9 M€ PARA MELLORAR A SÚA COMPETITIVIDADE

- A Xunta apoia as beneficiarias co 50% do importe subvencionable e concede 10,5 millóns de euros en axudas, cofinanciadas por primeira vez co novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa) na convocatoria de 2024
- As actuacións previstas teñen que ver coa mellora da eficiencia enerxética, a redución do impacto no ambiente, a innovación e a mellora das condicións de traballo e seguridade nas súas instalacións, entre outras cuestións
- O Executivo galego aprobou máis de 113,8 millóns de euros en apoios ao sector mediante o Femp desde a primeira convocatoria de 2016, o que permitiu desenvolver 430 iniciativas e mobilizar un investimento total de máis de 217 millóns de euros

O Consello da Xunta tomou razón hoxe da resolución da convocatoria deste ano de axudas para investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura no que se recolle a aprobación de 45 proxectos impulsados polo sector por un importe de 10,5 millóns de euros que se desenvolverá ao longo deste exercicio. Con estas achegas a Xunta achega o 50 % do importe subvencionable de cada un deles, polo que o investimento total para acometer melloras nas instalacións destas empresas é de 20,9 millóns de euros.

Entre as accións que son obxecto de apoio, cofinanciadas por primeira vez co novo Fondo Europeo Marítimo, Pesca e Acuicultura (Fempa), está a optimización dos procesos de transformación, a innovación no ámbito da industria de procesado de peixes e na transformación de moluscos, a ampliación e adquisición de equipamentos nas plantas deste sector e melloras en materia de eficiencia enerxética, entre outras.

Os beneficiarios destas subvencións son as pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura que realizan investimentos que contribúen a, entre outras cuestións, aforrar enerxía, mellorar a seguridade, optimizar os procesos de transformación e contar con novos produtos e procesos ou mellores sistemas de xestión.

O obxectivo desta liña de axudas é que o sector transformador de produtos do mar poida mellorar a súa eficiencia enerxética, reduza o seu impacto no ambiente, promova a innovación e mellore as súas condicións de traballo e seguridade, o que contribúe a incrementar a súa competitividade e a mellorar os seus resultados económicos.

Achegas

Este tipo de apoios contribúen a que as empresas poidan realizar investimentos importantes cos que apostar pola innovación e mellorar a súa competitividade. De feito, desde a primeira convocatoria destas axudas ao abeiro do FEMP -en 2016 ata 2023- Galicia leva aprobados preto de 113,8 millóns de euros en achegas para o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desenvolvemento de 380 proxectos de mellora das instalacións de pemes de transformación de produtos do mar. Esa contribución pública derivou nun investimento total que supera os 217 millóns de euros no conxunto das oito convocatorias realizadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, O 25 DE NOVEMBRO

Hoxe todo o mundo fixa a súa mirada na loita contra a violencia de xénero. Galicia, tamén. Fixamos a mirada na erradicación do que realmente é: un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres polo simple feito de ser mulleres.

A violencia de xénero maniféstase de múltiples maneiras: ten formas visibles e invisibles, sutís e explícitas, pero todas elas son violencias contra as mulleres ás que debemos poñer fin. A máis dramática, os asasinatos; as máis tristemente recoñecidas, a violencia física e psicolóxica. Pero tamén outras con menos visibilidade, pero igual de importantes, como a violencia económica, sexual ou dixital. Esta última, cada vez máis frecuente, e que inclúe prácticas como o acoso, a difusión non consentida de contidos íntimos ou o control da actividade en redes sociais.

Non debemos esquecer nos de que nos atopamos ante graves vulneracións dos dereitos humanos, que requiren dunha resposta firme, unánime e coordinada por parte de toda a sociedade.

Neste Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres é preciso recordar o que debe ser a prioridade: o traballo constante durante todos os días do ano con medidas de prevención, sensibilización e visibilidade, e a atención integral ás mulleres vítimas e a súa contorna familiar. Mais hoxe, 25 de novembro, o momento no que toda a sociedade clama unida polo fin de violencia de xénero, é determinante redobrar a visibilidade sobre esta pandemia que asola ás mulleres.

A eliminación da violencia de xénero é un reto común que esixe o esforzo conxunto das institucións e do tecido social para xerar un cambio significativo e imparable. Sabemos que enfrontar este desafío implica educar en valores de igualdade e respecto. Sabemos que implica tamén construír contornas seguras e fortalecer o apoio ás vítimas. E que esixe tamén un compromiso activo para desmontar actitudes e comportamentos que perpetúan o machismo. Porque dá igual a forma, dá igual o tamaño. As agresións que sofren as mulleres en forma de palabras, condutas e actitudes poden pasar desapercibidas no día a día, e mesmo chegar a normalizarse, pero son o que son: machismo. Non debemos exculpalo nin minimizalo, porque pode derivar en violencia de xénero.

Desde a Xunta de Galicia seguimos traballando para protexer e apoiar ás vítimas. Enfocando as nosas medidas a xerar cambios de conduta social destinados a erradicar o machismo como xerme desta problemática estrutural. Desde o Estatuto de Autonomía ata a recente Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o Goberno galego reafirma a súa responsabilidade na defensa dos dereitos de toda a cidadanía, condenando de maneira firme e clara todas as formas de violencia contra as mulleres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia vai seguir avanzando. Vai seguir ofrecendo unha asistencia integral, ampliando os recursos dos 84 Centros de Información ás Mulleres (CIM) da nosa Comunidade e reforzando os programas de apoio psicolóxico e asesoramento ás vítimas e á súa contorna familiar. En cuestión de semanas poremos en marcha cinco centros de crise 24 horas para a atención de vítimas de violencia sexual en A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela. E, entre outras medidas, ampliaremos as axudas para a reinserción laboral das vítimas, avanzando na erradicación das desigualdades estruturais que sosteñen esta problemática de primeira orde.

O Goberno galego está convencido de que a mocidade xoga un papel determinante no futuro da loita contra a violencia de xénero. Por iso, imos seguir poñendo o foco en medidas de sensibilización e prevención entre os máis novos, achegándonos aos espazos que elas e eles ocupan, con campañas de comunicación, con proxectos educativos e afianzando o programa de lecer nocturno para actuar ante agresións sexuais e LGBTIfóbicas.

E non esqueceremos a ningunha das mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou exparellas. Non esquecemos a Fadoua, Andrea, Mercedes e Estela, asasinadas este ano. Catro mulleres e catro familias ás que queremos amosarlles unha vez máis o noso respecto e lembrarlles que teñen todos os recursos á súa disposición para seguir acompañándoas neste duro proceso. Nin unha máis.

Galicia vai continuar traballando con determinación para avanzar cara a unha sociedade máis xusta, respectuosa, igualitaria e, polo tanto, libre de violencias e discriminacións. Unha Galicia libre de violencia de xénero.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA CONVOCOU ESTE ANO 48 CURSOS E MÁIS DE 1.100 HORAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE E PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Ademais de a todo o persoal empregado público da Comunidade, por primeira vez, estes cursos estiveron dirixidos tamén ás persoas traballadoras dos Centros de Información á Muller e aos profesionais de atención directa ás mulleres vítimas de violencia de xénero

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) convocou ao longo deste ano 48 cursos, que supoñen un total de 2.289 prazas e 1.155 horas de formación, en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Así se desprende do informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta sobre a formación da Escola neste eido.

Tal e como precisa o documento, ademais de a todo o persoal empregado público da Comunidade, por primeira vez, estes cursos estiveron dirixidos tamén ás persoas traballadoras dos Centros de Información á Muller (CIM) e ao resto de profesionais que atenden, directa ou indirectamente, as vítimas de todas as formas de violencia de xénero do Centro de Recuperación integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero (CRI), do Centro de Emerxencia para Mulleres en Situación de Violencia de Xénero (Cemvi), dos centros de acollida integrantes da Rede Galega de Acollemento, das oficinas de Asistencia ás Vítimas do Delito de Galicia, así como ao persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que presta servizos na Secretaría Xeral da Igualdade ou nas unidades administrativas de Igualdade das xefaturas territoriais das delegacións da Xunta.

Como principais novidades dos cursos impartidos, cómpre salientar os dirixidos especialmente para garantir os dereitos da comunidade de persoas LGTBI+; o curso enfocado no Protocolo da Xunta de actuación fronte ao acoso e as violencias sexuais e psicolóxicas no traballo; e o curso de atención ás vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e intervención con persoas en situación de prostitución.

Así mesmo, nas actividades impartidas abordáronse tamén temáticas cruciais como a incidencia das novas tecnoloxías na violencia de xénero, a protección dos menores que sofren esta lacra, as pautas para unha correcta atención psicolóxica e xurídica das vítimas ou as distintas axudas públicas e o autocoidado do propio persoal dos servizos de atención.

O desenvolvemento destes cursos pon de manifesto o compromiso da Xunta en prol da igualdade de mulleres e homes e o importante papel da Escola Galega de Administración Pública na contribución a garantir este fin.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A EGAP dará continuidade o vindeiro ano a esta liña formativa, dada a transcendencia da materia e á alta demanda rexistrada, cun total de 11.750 solicitudes de participación neste 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A POSTA EN MARCHA DUN NOVO CRIBADO EN GALICIA PARA DETECTAR CARDIOPATÍAS CONXÉNITAS CRÍTICAS NAS PRIMEIRAS 24 HORAS DE VIDA DOS BEBÉS

- Explica que a comunidade comezará a realizar este cribado “desde o 2 de decembro” cunha proba tan simple como unha pulsioximetría indolora e non invasiva
- Detectarase a enfermidade antes de que presente síntomas para poder aplicar alternativas terapéuticas o máis pronto posible, incluídos cateterismos e operacións
- Determinadas cardiopatías conxénitas críticas poden comprometer gravemente a saúde do recentemente nado e mesmo ocasionar o seu falecemento
- A telemedicina permitirá o traballo coordinado de diferentes profesionais, co Complexo Hospitalario Universitario da Coruña como unidade de referencia
- A Xunta destina máis de 72.000 euros á compra do equipamento necesario para realizar estes cribados: monitores para a pulsioximetría e sensores adhesivos de saturación de osíxeno neonatal desbotable

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia ofrecerá “desde o luns 2 de decembro o novo programa galego de cribado neonatal para a detección precoz e o tratamento de cardiopatías conxénitas críticas para poder identificar esta enfermidade nas primeiras 24 horas de vida dos bebés”. Así se recolle no informe da Consellería de Sanidade avaliado hoxe polo Consello da Xunta.

O obxectivo é detectar a enfermidade antes de que presente síntomas a través dunha técnica indolora e non invasiva como é a pulsioximetría para medir o osíxeno en sangue do bebé.

A Xunta, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, realizará este cribado de forma universal a “todos os bebés nados en Galicia”, tal e como apuntou Rueda. Así, a Consellería de Sanidade remitiulle aos hospitais privados galegos o novo protocolo para que tamén leven á práctica este cribado.

As cardiopatías conxénitas críticas presentan unha incidencia de “dous casos por 1.000 nacementos, poden comprometer gravemente a saúde do bebé e son causa do 20% dos falecementos ocorridos no período neonatal”, sinalou o titular do Goberno galego.

A maioría dos defectos críticos teñen certo grao de baixos niveis de osíxeno en sangue, polo que, coa pulsioximetría, en menos de 10 minutos pode obterse a sospeita de cardiopatía. En caso de que a proba sexa positiva, o persoal de enfermaría informará a pediatría ou neonatoloxía para facer unha valoración clínica.

Atención inmediata

Se hai signos de alarma, o novo protocolo para confirmación diagnóstica deseñado por profesionais do Servizo Galego de Saúde marca a realización dun ecocardiograma en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

menos de 12 horas. Cando non os hai, a proba será realizada en canto sexa posible, sempre en menos de 72 horas.

Cando o resultado do ecocardiograma é compatible cunha cardiopatía conxénita crítica, realizarase unha interconsulta para valoración inicial telemática coa unidade de referencia do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e o bebé será trasladado en menos de 6 horas.

As alternativas terapéuticas previstas serían a medicación, un cateterismo cardíaco (como un pequeno orificio na parede interior do corazón) ou unha cirurxía cardíaca infantil (que pode ser necesaria para reparar defectos no corazón e vasos sanguíneos, substituír unha válvula cardíaca, colocar un dispositivo no peito para axudar ao corazón a bombear sangue ou facer un transplante).

A posta en marcha deste cribado, de forma secundaria, tamén permitirá identificar hipoxemia por outros motivos que poden ser graves (problemas respiratorios parenquimatosos ou anatómicos, hipertensión pulmonar persistente, outras cardiopatías conxénitas, sepsis, hipotermia ou hemoglobinopatías).

Ademais da organización das distintas categorías profesionais do Servizo Galego de Saúde implicadas neste proceso asistencial, este programa de detección precoz supón a compra de monitores para realizar a pulsioximetría, por valor de 15.077 euros, e a de sensores adhesivos de saturación de osíxeno neonatal desbotable, por valor de 57.172 euros ao ano, que serán financiados pola Dirección Xeral de Saúde Pública.

A Consellería de Sanidade mantén a súa aposta pola prevención cun novo cribado neonatal que se suma á proba do talón para detectar enfermidades endócrinas e metabólicas, a proba máis completa de España, que lidera a Dirección Xeral de Saúde Pública. Ademais, o Servizo Galego de Saúde destaca de forma especial polo aproveitamento da telemedicina, polo traballo en rede dos profesionais de todas as categorías e áreas sanitarias e tamén da xestión do coñecemento, neste caso en cardiopatías conxénitas do neonato.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIA 117 ACCIÓNS FORMATIVAS NO ÁMBITO PESQUEIRO DAS QUE SE BENEFICIAN AO REDOR DE 1.600 PROFESIONAIS POR VALOR DE PRETO DE 840 MIL EUROS

- As actividades de formación, que se desenvolverán en 2024 e 2025, serán executadas polas confrarías e as súas federacións, organizacións de produtores, cooperativas ou asociacións profesionais de reparacións de redes e as súas federacións, así como as demais asociacións de profesionais xuridicamente recoñecidas
- O obxectivo é promover as condicións para un sector pesqueiro rendible e competitivo mediante a mellora das capacidades para impulsar o desenvolvemento profesional e a mellora das condicións laborais

A Consellería do Mar financia 117 accións formativas no ámbito pesqueiro das que benefician preto de 1.600 profesionais por valor de 840 mil euros. Así o sinala o informe presentado hoxe no Consello da Xunta relativo á resolución da orde de axudas dirixidas ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación do sector pesqueiro das que foron receptoras 18 entidades do sector.

As actividades de formación, que se desenvolverán no ano 2024 e 2025, están enmarcadas en 18 proxectos -9 na provincia de Coruña, 6 na provincia de Pontevedra e 3 na provincia de Lugo- e están financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa). Estas serán executadas polas confrarías e as súas federacións, organizacións de produtores, cooperativas ou asociacións profesionais de reparacións de redes e as súas federacións, así como as demais entidades asociativas de profesionais xuridicamente constituídas.

Entre as accións subvencionadas están os cursos de formación específica marítima e náutico-pesqueira para o sector, cursos de mariñeiro pescador dirixidos a persoas interesadas en accederen ao sector, os orientados á adquisición de mellora das competencias dixitais, vinculadas á innovación, á xestión empresarial, ao emprendemento, á comercialización, á seguridade alimentaria ou á xestión sustentable, entre outros. En 2024 desenvolveranse 20 actividades formativas das se beneficiarán 281 persoas e elevarase esta cifra ata 97 accións o vindeiro ano que se estima que formarán máis de 1.300 persoas.

O obxectivo é promover as condicións para un sector pesqueiro rendible e competitivo, mediante a mellora das capacidades para impulsar o desenvolvemento profesional e a mellora das condicións laborais. Tamén ten como finalidade contribuír a facer máis atractivo este sector, promover un uso máis eficiente dos recursos e xerar unha maior sensibilización e respecto cara ao ambiente.

Anteriores convocatorias

Na convocatoria de 2021-2022 beneficiáronse 15 entidades, que executaron 93 accións formativas por valor de preto de 250 mil euros, e ascenden a 87 actividades na seguinte

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

convocatoria 2022-2023, realizadas por 18 entidades cun investimento de ao redor de 520 mil euros. Así, a Consellería do Mar, dada a crecente demanda destes apoios, reforzou o financiamento para esta liña de axudas nos Orzamentos de 2025, aos que destina 1M€, o que supón un 30% máis respecto do 2024.